



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

galicia

ANUNCIO PARA PRESENTAR OFERTAS PARA O CONTRATO "COMERCIALIZACIÓN DO PRODUTO ARTE RUPESTRE"

O día 15 de setembro de 2014, asinouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA DOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, MARÍN, POIO, PONTE CALDELAS, VILABOIA, COTOBADE E CAMPO LAMEIRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NA COMARCA DE PONTEVEDRA COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007/2013, TP 5.57.5.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Mancomunidade Terras de Pontevedra para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que incluía a realización dunha serie de actuacións. Entre esas estaba a necesidade de comercializar o produto de arte rupestre. Esta actuación aparece recollida no anexo I do convenio, como actividade que subvenciona a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia con cargo a aplicación 04A2.761A.760.03, dotada con fondos Feder ao 80% e FCI ao 20 %.

Ante a falta de recursos propios da Mancomunidade, preténdese contratar a actuación citada, por un orzamento base de licitación de 22.000,00 euros (IVE incluído). Por razón do importe, tratase dun contrato negociado sen publicidade (174.e do TRLCSP), polo que se deberán invitar a lo menos a tres empresas suficientemente capacitadas para a realización do obxecto do contrato. Non obstante, como medida de transparencia preténdese abrir un prazo durante o cal os empresarios interesados poidan formular ofertas para resultar adxudicatarios deste contrato. O prazo para presentar proposicións será de 10 días naturais e comezará a contar a partir do día seguinte a publicación deste anuncio na páxina web da Mancomunidade Terras de Pontevedra (<http://www.terrasdepontevedra.org/es/>).

As condicións do contrato que pretende adxudicar a Mancomunidade e para poder presentar ofertas son as establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas que se publican xunto co presente anuncio.

Pontevedra, 28 de outubro de 2014.

A Concelleira de Promoción Económica, Emprego e Turismo de Pontevedra
Membro da Mancomunidade por delegación do presidente

Carlota C. Román García